

Informe da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación relativo á transparencia no sector público autonómico de Galicia

Ano 2025

MARCO NORMATIVO

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno dispón no seu artigo 5.2 que a Xunta de Galicia fará público anualmente no Portal de transparencia e goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación que analizará e expoñerá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) As estatísticas relativas ao dereito de acceso á información pública, con inclusión do número de solicitudes presentadas e das porcentaxes dos distintos tipos de resolución a que deron lugar.
- b) Os datos sobre a información máis consultada no Portal de transparencia e goberno aberto e sobre a máis solicitada a través do exercicio do dereito de acceso.

O artigo 35.2 da citada Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que a Xunta de Galicia, a través da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación prevista no artigo 31 desta lei, remitirá ao Valedor do Pobo o informe referido no artigo 5.

Así pois, constitúe o obxecto deste informe dar a coñecer o balance global anual relativo ás estatísticas relativas ás visitas ao Portal de transparencia e goberno aberto como respecto da tramitación das solicitudes de acceso á información pública relativas ao funcionamento do sector público autonómico correspondente ao ano 2025.

Posto que o presente informe se refire ó ano 2025, e a data de 31/12/2025 estas funcións en materia de transparencia eran exercidas pola institución do Valedor do Pobo, enténdese preciso remitir o informe a devandita institución.

Deste xeito, o presente informe, aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, será remitido á institución do Valedor do Pobo e estará a disposición da cidadanía no Portal de transparencia e goberno aberto no seguinte enderezo web: <http://transparencia.xunta.gal/portada>

PORTAL DE TRANSPARENCIA E GOBERNO ABERTO

Con data do 7 de marzo de 2016 entrou en vigor a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co obxectivo fundamental de facilitar á cidadanía unha maior cantidade de información da que dispoñían e máis da que establece a lexislación básica estatal. Deste xeito, Galicia converteuse na comunidade autónoma do conxunto do Estado español que máis obrigas asumiu a través da súa propia normativa autonómica.

Coincidindo coa entrada en vigor da nova lei, púxose en funcionamento o Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia, co obxecto de dar cumprimento, entre outras, ás obrigas de publicidade activa previstas na normativa en materia de transparencia.


Desde a súa apertura o 7 de marzo de 2016, e ata o 31 de decembro de 2025, 1.799.744 usuarios visitaron o Portal realizando un total de **2.715.365 visitas**, nas cales foron **consultadas 6.926.318 páxinas**. Por tanto, en cada consulta, **visitouse unha media de 2,55 páxinas**.

O Portal de transparencia e goberno aberto contén 2.868 páxinas web nas que se poden visualizar 9.768 documentos. As páxinas máis visitadas foron:

TÍTULO DA PÁXINA	NÚMERO DE VISITAS A PÁXINAS
Normativa en tramitación (nos seus diferentes apartados/fases):	485.994
- En prazo de envío de suxestións	172.151
- Pendente de aprobación	115.901
- Aprobada e publicada no DOG	106.324
- Consultas abertas	91.618
Altos cargos da Administración xeral	467.749
Contías das retribucións	278.522


TÍTULO DA PÁXINA	NÚMERO DE VISITAS A PÁXINAS
Normativa e medidas da Xunta de Galicia sobre o novo coronavirus COVID-19	268.558
Axenda institucional de altos cargos	236.811
Xefes/as de gabinete e xefes/as de prensa	118.331
Entidades instrumentais	113.322
Listas de selección de persoal interino ou temporal	100.885
Composición do goberno	95.222
Organigramas	90.468
Información de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico	70.434
Contratación pública	58.177
Relacións de postos de traballo	56.094
Contratos menores	54.063

Porcentaxe de novos visitantes



En relación cos dispositivos desde os cales se accede aos contidos do Portal, cómpre destacar que o deseño *responsive* do Portal é compatible coa navegación desde dispositivos móbiles, tal e como amosa a seguinte gráfica:

Sesións por tipo de dispositivo



Ademais, en canto á accesibilidade, os contidos do portal poden ser interpretados por un sistema de lectura de voz de contido.

Evolución do número de visitas no período 2016-2025:

DATOS VISITAS PORTAL DE TRANSPAREN- CIA E GOBERNO ABERTO	NÚMERO										
	2016 ⁽¹⁾	2017 ⁽²⁾	2018 ⁽³⁾	2019 ⁽⁴⁾	2020 ⁽⁵⁾	2021 ⁽⁶⁾	2022 ⁽⁷⁾	2023 ⁽⁸⁾	2024 ⁽⁹⁾	2025 ⁽¹⁰⁾	TOTAL
Visitas	67.249	107.871	132.028	165.461	319.561	344.584	304.556	424.538	387.596	461.921	2.715.365
Páxinas vistas	422.158	402.104	468.348	527.873	762.517	804.093	742.266	910.558	931.306	955.095	6.926.318

(1) Datos do período comprendido entre o 7 de marzo de 2016 e o 31 de decembro de 2016.

(2) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2017.

(3) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018.

(4) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2019.

(5) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de decembro de 2020.

(6) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2021.



(7) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022.

(8) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023.

(9) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024.

(10) Datos do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2025.

O número medio de visitas ao mes no ano 2016 foi de 5.604; no ano 2017, 8.989; no ano 2018, 11.002; no ano 2019, 13.788; no ano 2020, 26.630; no ano 2021, 28.715; no ano 2022, 25.380; no ano 2023 foi de 35.378; no ano 2024, 32.300 e no ano 2025 o número medio de visitas ao mes foi de 38.493.



Comparativa das páxinas máis vistas no período 2016-2025

COMPARATIVA PÁXINAS MÁIS VISTAS NO PERÍODO 2016-2025	NÚMERO DE VISITAS										
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	TOTAL
Normativa en tramitación (nos seus diferentes apartados/fases):	24.388	28.850	37.395	48.291	35.231	41.759	41.501	50.341	79.870	98.368	485.994
- En prazo de envío de suxestións	11.101	13.221	13.597	23.546	12.247	14.382	16.388	19.474	22.249	25.946	172.151
- Pendente de aprobación	9.404	11.219	13.285	13.272	8.650	9.475	9.682	11.385	15.003	14.526	115.901
- Aprobada e publicada no DOG	3.883	4.410	4.999	4.923	9.356	10.697	6.437	7.846	22.457	31.316	106.324
- Consulta pública previa*	---	---	5.514	6.550	4.978	7.205	8.994	11.636	20.161	26.580	91.618
Altos cargos da Administración xeral	17.592	15.726	17.842	18.771	31.764	27.746	27.931	30.902	135.555	144.460	467.749
Contías das retribucións do persoal	7.416	7.394	17.365	26.698	18.727	30.106	36.059	48.965	50.118	35.674	278.522
Normativa e medidas da Xunta de Galicia sobre o novo coronavirus COVID-19	---	---	---	---	119.819	119.238	24.911	2.903	884	803	268.558
Axenda institucional de altos cargos	6.710	11.349	11.381	12.341	16.868	26.125	34.616	31.873	39.280	46.268	236.811
Xefes/as de gabinete e xefes/as de prensa	7.861	5.226	5.570	5.759	10.962	9.487	9.822	10.062	31.641	21.941	118.331
Entidades instrumentais	---	---	---	---	---	---	46.783	7.939	23.657	34.943	113.322
Listas de selección de persoal interino ou temporal	1.310	1.594	1.911	2.101	1.641	1.887	3.437	16.912	30.177	39.915	100.885
Composición do goberno	2.400	2.036	3.084	2.928	8.280	7.131	11.912	11.000	27.732	18.719	95.222
Organigramas	1.075	1.581	4.652	7.589	10.997	11.670	11.778	12.583	13.910	14.633	90.468
Información de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico	5.000	6.829	5.075	4.790	3.614	7.389	5.167	4.963	23.657	3.950	70.434
Contratación pública	7.387	4.442	6.259	5.364	6.412	7.056	6.481	3.669	5.325	5.782	58.177
Relacións de postos de traballo	2.455	2.244	2.734	3.191	3.020	3.798	3.811	4.534	4.430	25.877	56.094
Contratos menores	---	---	---	---	21.443	6.343	5.214	5.475	6.793	8.795	54.063

(*) A consulta pública previa, no procedemento de elaboración de normativa, é un trámite posto en funcionamento a través do Portal de transparencia e goberno aberto en maio de 2017.

Dunha análise comparativa da evolución das visitas ao Portal de transparencia e goberno aberto, no período 2016-2025 é de salientar o seguinte:

A páxina *Altos cargos da Administración xeral* foi a máis visitada do Portal no ano 2025 (144.460 visitas). As visitas a esta páxina incrementáronse considerablemente con respecto ás visitas do ano 2024.

A segunda páxina máis visitada no 2025 foi *Normativa en tramitación* (98.368 visitas); tendo en conta as procuras realizadas nas distintas fases, *En prazo de envío e suxestións* (25.946), *Pendente de aprobación* (14.526), *Aprobada e publicada no DOG* (31.316) e *Consulta pública previa* (26.580). As visitas a esta páxina tamén medraron, cun incremento do 23,16 % con respecto ás visitas do ano 2024.

A terceira páxina con máis visitas no 2025 foi *Axenda institucional de altos cargos* (46.268 visitas); esta páxina foi a quinta con máis visitas no período de referencia 2016-2025.

Aumenta no 2025 con respecto ao 2024 o número de visitas ás páxinas *Información de Relacións de postos de traballo; Orzamentos da Comunidade Autónoma; Entidades instrumentais; Listas de selección de persoal interino ou temporal; Contratos menores; Normativa en tramitación; Axenda institucional dos altos cargos; Ofertas públicas de emprego; Contratación pública; Altos cargos da administración xeral; Organigramas e Plans e programas anuais.*

Diminúe en 2025 con respecto a 2024 o número de visitas ás páxinas *Participación; Participación en plans e programas; e Normativa e medidas da*

Xunta de Galicia sobre o novo coronavirus COVID-19; Orzamento cidadán; Contías das retribucións; Xefes de gabinete e xefes de prensa; Composición do goberno; Encomendas de xestión; Información de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico.


SOLICITUDES DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

Con respecto ás peticións de acceso á información pública, desde o 10 de decembro de 2015, data da entrada en vigor da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ata o 31 de decembro de 2025 recibíronse un total de 8.335 solicitudes de acceso á información pública: 233 no ano 2016, 796 no ano 2017, 723 no ano 2018, 746 no ano 2019, 1.077 no ano 2020, 1.389 no ano 2021 , 842 no ano 2022, 765 no ano 2023, 795 no ano 2024 e 969 no ano 2025.

Desagregación por departamentos no ano 2025

DEPARTAMENTO DESTINO	SOLICITUDES PRESENTADAS	
	2025	%
Presidencia da Xunta de Galicia	130	13,42 %
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes	138	14,24 %
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático	48	4,95 %
Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional	69	7,12 %
Consellería de Política Social e Igualdade	32	3,30 %
Consellería de Economía e Industria	67	6,91 %
Consellería de Facenda e Administración Pública	75	7,74 %
Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas	76	7,84 %
Consellería de Sanidade	85	8,77 %
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude	76	7,84 %
Consellería de Emprego, Comercio e Emigración	7	0,72 %
Consellería do Medio Rural	73	7,53 %
Consellería do Mar	93	9,60 %
TOTAL	969	100 %

Solicitudes presentadas por departamento. Ano 2025



Desagregación por departamentos no período 2016-2025:

DEPARTAMENTO DESTINO	SOLICITUDES PRESENTADAS											
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	TOTAL	%
Presidencia da Xunta de Galicia	10	9	9	21	17	21	56	35	61	130	369	4,43 %
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ⁽¹⁾	33	543	318	131	105						1130	13,56 %
Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo ⁽²⁾					25	91	27				143	1,72 %
Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación ⁽³⁾							168	132			300	3,60 %
Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ⁽⁴⁾								11	35		46	0,55 %
Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ⁽⁵⁾					9	154	48				211	2,53 %
Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ⁽⁶⁾							47	58			105	1,26 %
Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ⁽⁷⁾								20	43		63	0,76 %
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ⁽⁸⁾									54	138	192	2,30 %
Consellería de Facenda ⁽⁹⁾	10	7	10	15	11						53	0,64 %
Consellería de Facenda e Administración Pública ⁽¹⁰⁾					3	35	83	112	53	75	361	4,33 %
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ⁽¹¹⁾	11	16	41	144	450	529	55	49			1295	15,54 %
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ⁽¹²⁾									25	48	73	0,88 %

DEPARTAMENTO DESTINO	SOLICITUDES PRESENTADAS											
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	TOTAL	%
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ⁽¹³⁾	12	42	59	92	109	178	55	34	16		597	7,16 %
Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ⁽¹⁴⁾									53	76	129	1,55 %
Consellería de Economía, Emprego e Industria ⁽¹⁵⁾	10	6	33	46	18						113	1,36 %
Consellería de Economía, Industria e Innovación ⁽¹⁶⁾								15	33		48	0,58 %
Consellería de Economía e Industria ⁽¹⁷⁾									48	67	115	1,38 %
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ⁽¹⁸⁾	44	54	21								119	1,43 %
Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ⁽¹⁹⁾			6	33	30						69	0,83 %
Consellería de Cultura e Turismo ⁽²⁰⁾			8	56	62						126	1,51 %
Consellería de Cultura, Educación e Universidade ⁽²¹⁾					12	100	25				137	1,64 %
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ⁽²²⁾							64	87	22		173	2,08 %
Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ⁽²³⁾									53	69	122	1,46 %
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ⁽²⁴⁾									13	76	89	1,07 %
Consellería de Política Social ⁽²⁵⁾	6	5	29	3	21	19	9				92	1,10 %
Consellería de Política Social e Xuventude ⁽²⁶⁾							16	21	2		39	0,47 %
Consellería de Política Social e Igualdade ⁽²⁷⁾									21	32	53	0,64 %
Consellería de Sanidade	16	12	38	46	59	90	73	43	104	85	566	6,79 %
Consellería de Emprego e Igualdade ⁽²⁸⁾					4	23	2				29	0,35 %
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ⁽²⁹⁾							5	7	3		15	0,18 %

DEPARTAMENTO DESTINO	SOLICITUDES PRESENTADAS											
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	TOTAL	%
Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ⁽⁵⁰⁾									10	7	17	0,20 %
Consellería do Medio Rural	13	17	62	68	73	74	31	48	40	73	499	5,99 %
Consellería do Mar	68	85	89	91	69	75	78	93	106	93	847	10,16 %
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	765	795	969	8.335	100 %

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza extínguese tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

(2) A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo extínguese tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

(3) A Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación extínguese tras a aprobación do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

(4) A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes extínguese tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

(5) A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación extínguese tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

(6) A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes extínguese tras a aprobación do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

(7) A Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda extínguese tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

(8) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

(9) A Consellería de Facenda extínguese tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

(10) Nova Consellería tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

(11) A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda extínguese tras a aprobación do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

(12) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

(13) A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade extínguese tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

(14) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

(15) A Consellería de Economía, Emprego e Industria extínguese tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

(16) A Consellería de Economía, Industria e Innovación extínguese tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

(17) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.


(18) A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria extínguese para reordenarse no seu momento en dúas novas consellerías tras a aprobación do Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

- (19) A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional extínguese tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (20) A Consellería de Cultura e Turismo extínguese tras a aprobación do Decreto 110/2020, do 6 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- (21) A Consellería de Cultura, Educación e Universidade cambiou de denominación tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e pasou a denominarse Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a cal se extingue tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (22) A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades extínguese tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (23) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (24) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (25) A Consellería de Política Social cambiou de denominación tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e pasou a denominarse Consellería de Política Social e Xuventude, a cal se extingue tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (26) A Consellería de Política Social e Xuventude extínguese tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (27) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (28) A Consellería de Emprego e Igualdade cambiou de denominación tras a aprobación do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e pasou a denominarse Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a cal se extingue tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (29) A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade extínguese tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- (30) Nova consellería tras a aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Por departamentos competentes para resolver as solicitudes de información pública, cómpre indicar que en cómputo global do período 2016-2025 o maior número de solicitudes foi recibido na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda: 1.295 (15,54 %), seguida da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: 1.130 (13,56 %); Consellería do Mar: 847 (10,16 %); Consellería de Infraestruturas e Mobilidade: 597 (7,16 %); Consellería de Sanidade: 566 (6,79 %); Consellería do Medio Rural: 499 (5,99 %); Presidencia da Xunta de Galicia: 369 (4,43 %); Consellería de Facenda e Administración Pública: 361 (4,33 %); Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación: 300 (3,60 %); Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación: 211 (2,53 %); Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes: 192 (2,30 %); Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades: 173 (2,08 %); Vicepresidencia primeira e


Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo: 143 (1,72 %); Consellería de Cultura, Educación e Universidade: 137 (1,64 %); Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas: 129 (1,55 %); Consellería de Cultura e Turismo: 126 (1,51 %); Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional: 122 (1,46 %); Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: 119 (1,43 %); Consellería de Economía e Industria: 115 (1,38 %); Consellería de Economía, Emprego e Industria: 113 (1,36 %); Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes: 105 (1,26 %); Consellería de Política Social: 92 (1,10 %); Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude: 89 (1,07 %); Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático: 73 (0,88 %); Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional: 69 (0,83 %); Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda: 63 (0,76 %); Consellería de Facenda: 53 (0,64 %); Consellería de Política Social e Igualdade: 53 (0,64 %) ; Consellería de Economía, Industria e Innovación: 48 (0,58 %); ; Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes: 46 (0,55 %); Consellería de Política Social e Xuventude: 39 (0,47 %); Consellería de Emprego e Igualdade: 29 (0,35 %); Consellería de Emprego, Comercio e Emigración: 17 (0,20 %) e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade: 15 (0,18 %).

Evolución global das solicitudes presentadas:




Evolución das solicitudes presentadas por departamentos:


Presidencia da Xunta de Galicia




Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza




Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo




**Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía,
Industria e Innovación**




**Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia,
Xustiza e Deportes**




**Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía,
Empresa e Innovación**




Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes




Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda




Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes




Consellería de Facenda




Consellería de Facenda e Administración Pública




Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda




Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático




Consellería de Infraestruturas e Mobilidade




Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas




Consellería de Economía, Emprego e Industria




Consellería de Economía, Industria e Innovación




Consellería de Economía e Industria




Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria




Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional




Consellería de Cultura e Turismo




Consellería de Cultura, Educación e Universidade




Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades




Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional




Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude




Consellería de Política Social




Consellería de Política Social e Xuventude




Consellería de Política Social e Igualdade




Consellería de Sanidade




Consellería de Emprego e Igualdade




Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade




Consellería de Emprego, Comercio e Emigración



Consellería do Medio Rural




Consellería do Mar



Forma de presentación:

FORMA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO										
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	TOTAL
Acceso electrónico	88	626	572	593	965	1.269	610	611	690	860	6.884
Acceso en papel	145	170	151	153	112	120	232	154	105	109	1.451
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	765	795	969	8.335

Solicitudes segundo a súa forma de presentación




Do total das 8.335 solicitudes cómpre salientar que o 82,59% foron presentadas por medios electrónicos.

En concreto, no ano 2025, das 969 solicitudes recibidas, máis do 85% (88,75 %) foron presentadas de xeito electrónico, polo que se pon de manifesto a clara preferencia da cidadanía pola utilización desta canle nas súas relacións coa Administración.

Segundo a persoa solicitante de información:

PERSOA SOLICITANTE	NÚMERO										
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	TOTAL
Mulleres	45	63	133	139	232	328	233	250	216	196	1.835
Homes	133	183	214	291	375	517	339	307	329	494	3.182
Persoas xurídicas	55	550	376	316	470	544	270	208	250	270	3.309
Colectivo	-	-	-	-	-	-	-	-	-	4	4
Non identificado	-	-	-	-	-	-	-	-	-	5	5
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	765	795	969	8.335

Solicitudes segundo a persoa solicitante da información




Do total das 8.335 solicitudes, a maior parte, o 39,70 %, foron presentadas por persoas xurídicas.

En concreto, no ano 2025 as porcentaxes foron as seguintes: mulleres 20,23 %, homes 50,98 %, persoas xurídicas 27,83 %, colectivo 0,41 % e non identificado 0,52 %.

Número de resolucións segundo a súa tipoloxía:

TIPO DE RESOLUCIÓN	NÚMERO										
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	TOTAL
Concesión	156	707	543	487	590	1.030	425	345	399	493	5.175
Concesión parcial	7	9	1	14	20	29	26	99	29	36	270
Inadmisión	23	25	25	38	34	55	36	35	35	73	379
Denegación	4	10	1	4	11	5	6	7	5	7	60
Desistencia	5	9	9	6	8	10	3	10	5	6	71
Outras (regulación especial)	3	2	28	29	170	0	25	43	20	19	339
TOTAL	198	762	607	578	833	1.129	521	539	493	634	6.294

Resolucións segundo a súa tipoloxía



Do total de 8.335 solicitudes presentadas no sector público autonómico de Galicia, 6.294 foron xa resoltas, o que supón o 75,51%.

En concreto, no ano 2025 foron resoltas 634 das solicitudes presentadas, o que supón o 65,43% das solicitudes.

Das solicitudes resoltas, 5.175 foron estimadas permitindo o acceso total á información solicitada.

En 270 supostos resolveuse conceder o acceso de xeito parcial á información, e en 379 supostos o dito acceso foi inadmitido por algún dos seguintes motivos previstos no artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro:

- Por referirse a información que estea en curso de elaboración ou de publicación xeral.
- Por referirse a información que teña carácter auxiliar ou de apoio.
- Relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración.
- Dirixidas a un órgano en cuxo poder non conste a información, cando se descoñeza o competente.
- Que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Do total de peticións de información, 60 foron desestimadas con base nos motivos previstos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro:

- A prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios.
- A igualdade das partes nos procesos xudiciais e a tutela xudicial efectiva.

- Os intereses económicos e comerciais.
- O segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial.
- Protección de datos de carácter persoal.


En canto ás desistencias, estas ascenden a un total de 71, 5 no ano 2016, 9 no ano 2017, 9 no ano 2018, 6 no ano 2019, 8 no ano 2020, 10 no ano 2021, 3 no ano 2022, 10 no ano 2023, 5 no ano 2024 e 6 no ano 2025.

Número de expedientes segundo o seu estado de tramitación:

En canto ao seu estado de tramitación, a situación é a seguinte:

ESTADO DE TRAMITACIÓN	NÚMERO										
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	TOTAL
Expedientes finalizados (resolución expresa)	198	762	607	578	833	1.129	521	539	493	634	6.294
Expedientes en tramitación	1	19	82	136	236	256	83	29	38	55	935
Expedientes resoltos por silencio administrativo	34	15	34	32	8	4	238	197	264	280	1.106
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	765	795	969	8.335

Expedientes segundo o seu estado de tramitación



Tipo de información solicitada:

A información solicitada é de distinta natureza e pode clasificarse nas seguintes áreas temáticas:

TIPO DE INFORMACIÓN	NÚMERO										
	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	TOTAL
Información institucional, organizativa e de planificación	20	13	28	56	62	66	23	15	30	30	313
Información sobre relacións coa cidadanía	1	5	4	6	12	6	36	22	9	35	101
Información de relevancia xurídica	30	22	7	7	1	7	11	8	9	21	102
Información en materia de persoal	38	22	13	26	27	53	105	128	54	53	466
Retribucións de altos cargos	0	1	0	0	1	0	0	0	0	0	2
Retribucións de funcionarios	0	0	1	0	0	0	0	0	1	0	2
Información económica, estatística e orzamentaria	8	10	31	54	48	81	97	101	159	110	589
Información en materia patrimonial	1	17	10	4	6	1	13	9	38	8	99
Información en materia de contratación pública	14	21	33	15	13	45	72	61	42	21	316
Información sobre convenios	6	10	8	8	6	9	10	7	10	22	74
Información sobre encomendas de xestión	0	0	1	1	0	0	1	0	0	0	3
Información sobre subvencións e axudas	16	23	72	68	53	52	19	15	19	34	337
Información sobre ordenación do territorio e do medio ambiente	44	62	160	266	553	725	277	186	110	163	2.383
Información en materia de xogo	0	531	0	70	71	21	0	0	5	0	698
Bo Goberno (relativa ás materias do título II Lei 1/2016)	0	0	3	3	1	1	0	0	1	0	9

Outra información	55	59	352	162	223	322	178	213	308	472	1.872
TOTAL	233	796	723	746	1.077	1.389	842	765	795	969	7.366